

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 26 DE MARZO DE 2024-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 26 de marzo de dous mil vinte e catro ; as nove horas e dez minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández , dona Yolanda Gómez Gómez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 19 de marzo de 2024..

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **Outorgamento licenza de obras 2059 /2022 RIB / N/118.3/22**

Vista a solicitude formulada por dona Consuelo Fernández Sueiro en representación da área provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo para “ Proxecto básico e de execución de rehabilitación e ampliación de edificio para 2 vivendas de promoción pública, proxecto redactado pola arquitecta dona Elena López Fernández.

*Consta no expediente:*

-DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:

Con data de 26 de outubro de 2022 presentouse o "Anteproxecto de Rehabilitación e Ampliación de edificio para 2 vivendas de promoción pública", redactado pola arquitecta D. Elena López Fernández, colexiada nº 3.340 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Con data de 10 de xaneiro de 2024 achégase:

- "Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación e Ampliación de edificio para 2 vivendas de promoción pública", sen visado colexial e redactado pola citada arquitecta, con data de sinatura de 04 de decembro de 2023.

"Proxecto de Sondeos Arqueolóxicos para Rehabilitación e Ampliación de edificio en rúa Cervantes nº 16 de Ribadavia (Ourense)", asinado polo arqueólogo D. Celso Rodríguez Cao, con data de 04 de xullo de 2023.

Con data de 06 de febreiro de 2024 preséntase:

"Proxecto Técnico de Infraestrutura común de Telecomunicacións", asinado por D. Daniel Castro Castro, enxeñeiro de telecomunicación nº 15.344, con data de visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de data de 22 de febreiro de 2023.

-Informe favorable da señora Arquitecta Municipal dona Mercedes Alvarez López de 22 de marzo de 2023

-Informe do Secretario municipal.

-Resolución da solicitude de autorización da excepcionalidade do cumprimento das Normas de Habitabilidade de vivendas de Galicia, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, con data de sinatura de 10 de xaneiro de 2024

-*"Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural"* relativa ó Proxecto de Control arqueolóxico REXISTRO DE ENTRADA Nº 1.424 DE DATA DE 1 DE MARZO DE 2024.

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda :*

-Conceder licenza de obras para a execución das obras contempladas no "Proxecto Básico de Rehabilitación e Ampliación de edificio para 2 vivendas de promoción pública", de data de sinatura de 04 de decembro de 2023, asinado pola arquitecta D. Elena López Fernández, colexiada nº 3.340 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia; "Proxecto Técnico de Infraestrutura común de Telecomunicación", asinado por Daniel Castro Castro, enxeñeiro de telecomunicación nº 15.344, con data de visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de data de 22 de febreiro de 2023; e "Proxecto de Sondeos Arqueolóxicos para Rehabilitación e Ampliación de edificio en rúa Cervantes nº 16 de Ribadavia (Ourense)", asinado polo arqueólogo D. Celso Rodríguez Cao, con data de 04 de xullo de 2023, na rúa Cervantes 16 e 18, referencias catastrais 0823123NG7802 S, 0723613NG7802S, 0723614NG7802S.

-Excepcionase as dúas vivendas do cumprimento do apartado 1.A.3.2.2.3 Almacenamento xeral, en base o sinalado no Anexo II, apartado 11.3.2.5, xa que se trata

da casuística recollida no apartado 11.3.1.e) "cando a superficie do soar ou edificio, descontando a superficie das escaleiras e elementos comúns, non permite a construción dunha vivenda por planta de superficie útil maior ou igual a 60 m<sup>2</sup>

#### **1 Condicións particulares:**

Estarase o disposto na Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, "Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza o seguinte Proxecto de Control Arqueolóxico", de data de sinatura de 27 de febreiro de 2024,

Estarase o disposto no Informe da empresa concesionaria dos servizos, Aqualia, respecto das condicións de conexión coas redes municipais de saneamento e de abastecemento de auga, no que se sinala:

Consideranse óptimas as condicións expostas no plano para as conexións de abastecemento e pluviais. No caso do saneamento debe modificarse a acometida final à rede de saneamento. No proxecto contemplanse a unión de dúas tubaxes de PVC 200 mm. á arqueta interior cunha saída en PVC 160 cmm. como acometida a pozo. Esta acometida deberá ser como mínimo de sección 200 mm.

#### **2.-Condicións xerais:**

*En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a comprobación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.*

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

**Nome ou razón social do promotor:** Instituto Galego de Vivenda e Solo.  
**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

#### RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

**Liquidación do ICIO:** Xírase unha liquidación provisional do ICIO por importe de 8.532,63 euros.

### **3 ESCRITOS DOS SEÑORES CIADANS**

Escrito de dona Iria Regueiro González, con rexistro de entrada no concello de 23/03/2024 no que

Expón:

En la zona común de Prexigueiro, enfrente al número 68, justo antes del cruce del puente de la OU 801. Que se llevan vertiendo residuos inflamables al lado de las viviendas desde hace mas de 6 meses. Además de restos de asfalto y basura generada por los trabajadores de las carreteras.

Solicita

Se limpie de manera inmediata y deje de usarse dicho tramo para depositar diferentes residuos. Además de hacer cumplir la normativa referente a la prevención de incendios y limpiar de maleza, eucalipto y acacias en las cercanías de los domicilios.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e comunica que se tentará subsanar á maior brevidade.

### **4 ESCRITOS OFICIAIS**

A xunta de goberno toma coñecemento dos seguintes:

Resolución de 21 de marzo de 2024, sobre solicitude de autorización da comunidade autónoma en solo rústico, para a construción de adegas, no lugar de Francelos-Granxa de Outeiro, parroquia de Francelos, do concello de Ribadavia ( Expte 014/2023).

### **5.- CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.**

### **6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

E sendo as nove horas e corenta e cinco minutos da maña o Alcalde levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.